

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 3 DE AGOSTO DE 2012. Nº 09/2012.

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. JOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.)

CONCELLEIROS:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (P.P.)

D^a. M^a. PILAR LÓPEZ CARRÓN. (P.P.)

D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO. (P.P.)

D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.)

D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ.(P.P.)

D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ. (P.P.)

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (P.P.)

D. JOSÉ DOMÍNGUEZ CABALLERO. (P.P.)

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (P.P.)

D^a. SARA FERNÁNDEZ ARCA. (P.P.)

D^a. MARÍA ALVAREZ PAZ. (P.P.)

D^a. MARÍA EVA GONZÁLEZ BREA (P.P.)

D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER. (PSdeG-PSOE)

D. JOSE ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ. (PSdeG-PSOE)

D. FRANCISCO PÉREZ DONSIÓN. (PSdeG-PSOE)

D^a BEATRIZ GARCÍA IGLESIAS. (PSdeG-PSOE)

D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO. (BNG)

D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ. (BNG)

D. CAMILO CONDE LÓPEZ. (PGD)

SECRETARIO ACCIDENTAL: D. JORGE GARCÍA FERNÁNDEZ.

INTERVENTORA: D^a. MARTA OVIEDO CREO.

AUSENTES:

D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (P.P.)

INDICE:

- 1.- Moción da Alcaldía sobre as indemnizacións polas asistencias aos órganos colexiados.....páx. 3
- 2.- Moción da Alcaldía de adopción de medidas de apoio ao sector Leiteiro galego pola súa condición estratéxica no conxunto da economía galega.....páx. 4



Sendo as trece horas do día 3 de agosto de 2012, venres, xuntáronse no salón de sesións do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente titular, *D. Xosé Crespo Iglesias*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión extraordinaria convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Accidental o funcionario *D. Jorge García Fernández*; tamén asiste a interventora *D^a. Marta Oviedo Creo*.

Non asiste a Sra. Concelleira *D^a. M^a Paz Pérez Asorey*.

De orde do *Sr. Presidente* e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- MOCIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA Á RENUNCIA ÁS INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIA ÁS SESIÓNS PLENARIAS DO DÍA 3 DE AGOSTO DE 2012.

O *Sr. Alcalde* deu conta desta moción de data 31 de xullo de 2012 con entrada no rexistro municipal o mesmo día e número de rexistro 4862 e xustificouna na actual situación de crise, recoñecendo que, evidentemente, se trataba dunha cuestión individual de cada concelleiro e que non se podería aprobar se non contaba coa unanimidade dos membros do Pleno. Engadiu que, se non se aprobaba esta moción, se vería obrigado a instar a modificación das bases de execución do presuposto, para evitar que a celebración de varias sesións extraordinarias nun mesmo mes implicase un gasto excesivo en concepto de indemnizacións.

Desde o grupo socialista, *D. Manuel M^a. González Aller* sinalou que estaba de acordo coa moción, pero indicou que tal medida debería adoptarse tamén noutros órganos, preguntando canto vaise gastar neste mes de agosto nas sesións do Padroado Cultural de Lalín.

Polo BNG, *D. Xesús Cordeiro Budiño* manifestou que, particularmente, non está de acordo coa moción, porque tales indemnizacións correspóndense co traballo que realiza o seu grupo municipal dende a oposición, pero que ían votar a favor pola ameaza manifestada polo Sr. Alcalde respecto da modificación das bases de execución do presuposto.

Dende o PGD, *D. Camilo Conde López* expresou que aceptaría o que decida a maioría.

De seguido, ratifícase por unanimidade a inclusión deste punto na orde do día.

Sometida a votación ordinaria, mediante o sistema de man alzada, aprobouse por UNANIMIDADE dos asistentes, que supón vinte concelleiros sobre vinteún.

Xa que logo aprobouse a moción do Sr. Alcalde do seguinte tenor:

Tendo en conta que o día 3 de agosto de 2012, venres, vanse celebrar dúas sesións plenarias extraordinarias: unha convocada por esta Alcaldía e outra a instancia dos concelleiros dos grupos da oposición política deste Concello.

Neste tempo de dificultades económicas os importes que perciben os concelleiros por asistiren ás sesións plenarias en concepto de indemnizacións por asistencias a órganos colexiados do Concello de Lalín son importantes, ascendendo a 130€ por edil e sesión, tal e como se recolle no apartado b) da Base 24 do vixente Orzamento de 2012, Axudas e custe e indemnización. Neste caso estamos a falar de dúas sesións plenarias.

Por estes motivos, **o Pleno Municipal acordou:**

Instar e pedirles aos membros desta Corporación de Lalín que renuncien a percibir ás indemnizacións por asistencia ás dúas sesións plenarias extraordinarias que se celebrarán por este Pleno o vindeiro día 3 de agosto de 2012.

2.- MOCIÓN DA ALCALDÍA DE APOIO AO SECTOR LEITEIRO GALEGO POLA SÚA CONDICIÓN ESTRATÉXICA NO CONXUNTO DA ECONOMÍA GALEGA .